

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O RESCATE DA RESTAURACIÓN, HOSPEDAXE E TURISMO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AFECTADO POLA CRISE DA COVID-19. ANUALIDADE 2021

1º Obxecto e finalidade

1.1. O obxecto destas bases é regular a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ao sector da restauración, hospedaxe e turismo do Concello de Santiago de Compostela afectado pola crise da Covid19, anualidade 2021.

1.2. A finalidade destas axudas é promover e reactivar a actividade local que permita manter a actividade económica, o emprego e a dimensión competitiva do sector da restauración e hospedaxe para que poida afrontar as consecuencias derivadas do impacto xerado pola crise producida pola COVID-19.

1.3. Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

2º Persoas beneficiarias

2.1. Poderán resultar beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís ou comunidades de bens, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos, no momento da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*:

- Que entre as súas actividades estea incluída algunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo II.
- Que a persoa teña a súa sede de actividade no Concello de Santiago de Compostela.
- Que no primeiro trimestre do ano 2021 sufriran unha baixada na facturación igual ou superior ao 20% respecto ao primeiro trimestre do ano 2020. No caso de iniciar a súa actividade no ano 2020, realizarase unha media da facturación trimestral tal e como se indica na base 4.6.
- Non atoparse en crise (a teor do disposto no artigo 2, punto 18, do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión (Regulamento xeral de exención por categorías) en data 31 de decembro de 2019.

2.2. Cada persoa só poderá presentar unha única solicitude. As persoas autónomas societarias non poderán presentar solicitudes independentes, para a mesma actividade económica, coma persoas autónomas e, a súa vez, en representación da empresa da que sexan societarios.

2.3. Segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións só poderán obter a condición de beneficiarios aquelas persoas que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, e fronte á Seguridade social impostas polas disposicións vixentes.

3º Marco normativo

3.1. Esta axuda encádrase dentro do Marco Nacional Temporal relativo ás medidas de axuda a empresas e autónomos consistentes en subvencións directas, anticipos reembolsables, vantaxes fiscais, garantías de préstamos e bonificacións de tipos de xuros en préstamos destinados a respaldar a economía no contexto do actual gromo da Covid-19 (en adiante o marco nacional temporal) aprobado pola Comisión delegada do Goberno para Asuntos Económicos o 26 de marzo de 2020, e declarado compatible co mercado interior pola Comisión Europea en data 2 de abril de 2020 pola Decisión SA.56851 (2020/N). Este marco nacional temporal deberá interpretarse sempre en consonancia coa Comunicación da Comisión- Marco temporal relativo ás medidas e axudas estatais destinadas a respaldar a economía no contexto do actual gromo da Covid-19 (en adiante o marco temporal comunitario) aprobado o 19 de marzo de 2020 e as súas modificacións ou actualizacións posteriores.

3.2. A axuda global que unha persoa pode percibir ao abeiro do marco nacional temporal, en forma de subvencións directas, vantaxes fiscais, garantías de préstamos e bonificacións de tipos de xuros en préstamos, todas elas antes de impostos e outras retencións, non poderán superar no exercicio fiscal en curso os 800.000 euros.

4º Criterios de concesión

A puntuación máxima a obter é de 20 puntos, en aplicación dos criterios de concesión que se indican:

4.1. Non resultar beneficiaria de calquera das convocatorias municipais de axudas para o rescate dos sectores afectados pola crise da Covid-19, anualidade 2020, se a subvención foi obtida para a mesma actividade empresarial e/ou centro de actividade ou establecemento: 10 puntos.

4.2. Sufrir unha baixada de facturación na anualidade 2021 respecto á anualidade 2020: ata 8 puntos, tal e como se indica:

- Baixada entre o 20% e o 30%: 4 puntos
- Baixada superior ao 30% e ata o 60%: 6 puntos
- Baixada superior ao 60%: 8 puntos

A baixada da facturación acreditarase coa documentación, que se acompañará coa solicitude, indicada na base 5ª.

4.3. Presentar a solicitude correctamente e coa documentación completa, sen necesidade de requirimento de subsanación: 2 puntos.

En caso de empate empregárase como criterio de ordenación a porcentaxe exacta de baixada de facturación aproximada a dous decimais.

4.4. A valoración será realizada por unha comisión presidida polo Alcalde do Concello de Santiago e integrada ademais por tres persoas da administración municipal convocante, da escala técnica, que contarán co asesoramento do equipo de Axentes de Desenvolvemento Local da Oficina de Promoción Económica. A secretaría, en ausencia dunha unidade orgánica de Turismo, será asumida pola técnica responsable do departamento de Promoción Económica, ou persoa que a substitúa.

4.5. A baixada de facturación calcularase de xeito xeral comparando os datos de facturación do primeiro trimestre de 2021 respecto dos datos de facturación do primeiro trimestre do ano 2020.

4.6. En caso de empresas que iniciasen a súa actividade durante o ano 2020, realizarase unha media trimestral de facturación dese ano para poder comparala ca facturación do primeiro trimestre de 2021. A ditos efectos, utilizarase a seguinte fórmula:

Facturación trimestral 2020= (Facturación total 2020 / N° de días de actividade de 2020) x 90

5º Contía da axuda

O importe da axuda será:

- a. con carácter xeral, por persoa beneficiaria, o contemplado en función da seguinte baixada da facturación:
 - Baixada entre o 20% e o 30%: 2.500 €
 - Baixada superior ao 30% e ata o 60%: 3.000 €
 - Baixada superior ao 60%: 4.000 €
- b. Para o caso concreto das persoas solicitantes das axudas pola actividade do epígrafe 969.1 (salas de baile, discotecas e similares) o importe da contía por persoa beneficiaria será de 5.000 €, independentemente da súa baixada da facturación.
- c. Incrementarase con 1000 euros adicionais por cada centro de actividade adicional ao principal que teña a empresa no Concello de Santiago de Compostela adicado a actividades económicas correspondentes a epígrafes relacionados no Anexo II, con un límite de 2.000,00€ por este concepto, que correspondería a persoas con tres ou máis centros de actividade.

As contías establecidas nos apartados a) e b) son excluíntes entre si.

Unha vez asignada a axuda entre as persoas beneficiarias, en caso de haber remanente na partida orzamentaria, esta repartirase proporcionalmente entre as persoas beneficiarias da axuda.

6º Solicitudes e documentación

6.1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos. Xunto coa solicitude, deberá achegar a seguinte documentación:

- Formulario normalizado CS006B dispoñible como anexo I, cumprimentando todos e cada un dos diferentes apartados debendo de clicar nos campos que considere, e asinar a solicitude electronicamente.
- Declaración responsable segundo o sinalado no propio anexo I asinada pola persoa solicitante ou quen o/a represente, neste caso deberase aportar a pertinente autorización.

- NIF/NIE, CIF da persoa solicitante
- NIF/NIE da persoa representante, se fose o caso
- Documentación acreditativa da representación, se fose o caso.
- Escritura de constitución da sociedade, se fose o caso.
- Certificado da situación censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado.
- Certificado bancario de titularidade de conta da persoa física ou xurídica solicitante.
- En caso de persoas que iniciasen a súa actividade durante o ano 2020, documentación acreditativa da baixada da facturación:

-Modelo 303 de tódolos trimestres correspondentes ó ano 2020.

-Modelo 303 do primeiro trimestre de 2021.

-Modelo 130 do último trimestre do ano 2020 e primeiro trimestre de 2021.

-Persoas que tributen en réxime de estimación obxectiva: Segundo Regulamento de IRPF, os contribuíntes que desenvolvan actividades económicas que determinen o seu rendemento neto mediante o método de estimación obxectiva deberán conservar numeradas por orde de datas e agrupadas por trimestres as facturas emitidas de acordo co previsto no citado Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Deberán presentar, polo tanto, Modelo 131 de tódolos trimestres de 2020 e primeiro trimestre de 2021, acompañado de declaración responsable do volume de facturación real, non estimada, do ano 2020 e primeiro trimestre de 2021. A declaración responsable deberá realizarse en base ás facturas emitidas que poderán requirirse para o seu cotexo documental.

-Calquera outra documentación acreditativa da baixada da facturación (copia de libros contables, etc.).

É responsabilidade da persoa solicitante acreditar polos medios precisos a baixada da facturación.

- En caso de persoas que estivesen de alta con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2020, documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:
 - Modelo 303 do primeiro trimestre dos anos 2020 e 2021.
 - Modelo 130 do primeiro trimestre dos anos 2020 e 2021.
 - Persoas que tributen en réxime de estimación obxectiva: Modelo 131 do primeiro trimestre dos anos 2020 e 2021, acompañado de declaración responsable do volume de facturación real, non estimada, dos anos 2020 e 2021.
 - Calquera outra documentación acreditativa da baixada da facturación (copia de libros contables, etc.).

É responsabilidade da persoa solicitante acreditar polos medios precisos a baixada da facturación.

6.2. Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) deberá de escoller o trámite "Solicitude de subvención" dentro do catálogo de trámites dispoñible.

6.3. Só será válida unha única solicitude por persoa solicitante. No caso de que algunha persoa presente unha nova solicitude (Anexo I), entenderase que desiste das anteriores.

6.4. As persoas autónomas societarias non poderán presentar solicitudes independentes, para a mesma actividade económica, como persoas autónomas e, a súa vez, en representación da empresa da que sexan societarias.

6.5. No modelo de solicitude CS006B ven recollida unha declaración responsable da persoa solicitante, de obrigado cumprimento, onde manifestará:

- Que non está incursa en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de persoa beneficiaria.
- Que cumpre coas todas as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo e igualdade entre mulleres e homes
- Que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela. Neste senso, autorizará ó Concello de Santiago de Compostela para que realice as comprobacións oportunas coa AEAT, Xunta e Seguridade Social. En caso de non autorizar, deberá aportar os correspondentes certificados.
- Que se compromete a manter a súa actividade empresarial durante un período mínimo de seis meses desde a concesión da axuda regulada nesta convocatoria.
- Que non era unha persoa ou empresa en crise en data 31 de decembro de 2019.
- Axudas solicitadas e/ou obtidas para a mesma finalidade; deberá especificarse cales foron obtidas neste exercicio económico dentro do marco temporal nacional.
- Que son veraces todos os datos reflectidos nesta declaración responsable.

6.6. A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras desta convocatoria.

7º Emenda das solicitudes

7.1. As persoas cuxas solicitudes presenten defectos ou sexa incompleta a documentación, cuxa listaxe será publicada na web do Concello de Santiago, <http://santiagodecompostela.gal/> e en <http://cersiaempresa.gal/> deberán emendar o que se indique, no prazo de dez días hábiles. De non o facer, entenderase desisten do seu pedimento e dítase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

8º Prazo de presentación de solicitudes

8.1. O prazo de presentación de solicitudes será de **quinze días naturais a contar desde as nove da mañá (9:00 h) do día seguinte ao da publicación** do extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*

8.2. Aquelas solicitudes presentadas con anterioridade á apertura do prazo de presentación de

solicitudes teranse por non presentadas, en atención á obrigatoriedade de termos e prazos establecida no artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

8.3. O envío das bases ao BOP farase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.4. Coa solicitude, segundo a base 7ª, deberá xa achegarse toda a documentación precisa para adoptar a correspondente resolución de concesión e aprobación da xustificación da axuda a conceder, no seu caso, polo que o prazo de xustificación coincide co de presentación de solicitudes.

9º Instrución do procedemento

9.1. Recibidas as solicitudes, a unidade orgánica de Promoción Económica, en ausencia dunha unidade orgánica de Turismo, levará a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio cantas actuacións consideren necesarias para determinar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

9.2. A unidade instrutora resérvase o dereito a poder comprobar de oficio, con carácter previo á formulación da proposta de resolución e aprobación da xustificación, que a persoa solicitante está ao corrente nas súas obrigas co Concello de Santiago de Compostela.

10º Resolución do órgano competente. Xustificación e forma de pagamento

10.1. A resolución de concesión, aprobación da xustificación e pagamento da axuda realizarase atendendo á documentación que se acompañe e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade, nos termos recollidos no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e coas repercusións que ten a súa falsidade na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.2. Á vista da instrución do procedemento, o alcalde formulará a proposta de resolución e aprobación da xustificación que corresponda á Xunta de Goberno Local, que será o órgano competente para resolver o procedemento.

10.3. O procedemento resolverase no prazo máximo de seis meses a partir da data límite de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

10.4. A listaxe de persoas beneficiarias xunto co importe da axuda concedida, así como aquelas cuxa solicitude sexa denegada polos motivos que concorran, será publicada na páxina web do Concello (<http://santiagodecompostela.gal>) e en <http://cersiaempresa.gal/>

11º Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditara a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, do 1 outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

12º Obrigas das persoas beneficiarias

- Compromiso de manter a súa actividade empresarial durante un período mínimo de seis meses contados dende o día seguinte ao acordo de concesión da axuda adoptado pola Xunta de Goberno Local.
- Colaborar na realización de visitas de seguimento e control e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, así como por calquera outra institución nacional ou comunitaria que interveña no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Comunicar ao órgano concedente, en canto se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o obxecto desta axuda.
- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas adecúanse ao obxecto subvencionado e consistirán nunha pegatina identificativa que contará cos logotipos pertinentes do Concello de Santiago e do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, que será posta a disposición das persoas beneficiarias para a súa exposición no escaparate do establecemento destinatario durante o prazo de un ano desde a concesión da axuda. Así como, no seu caso, a referencia ao financiamento público en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.
- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

13 ° Incompatibilidades

13.1. Será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 3ª (Marco Normativo)

13.2. En relación coas axudas para restauración, hospedaxe e turismo, e para aquelas persoas con varios epígrafes de actividade, só se admitirá unha solicitude por persoa.

13.3. En relación a aquelas persoas con varias epígrafes de actividade empresarial, estas axudas serán especificamente incompatibles coas liñas de axudas convocadas polo Concello de Santiago, para o rescate do comercio e industrias culturais, se as distintas actividades se desenvolven conxuntamente nun mesmo centro de actividade ou establecemento

14º Perda do dereito ao cobro da axuda e reintegro

Procederá a revogación da subvención así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora que cumpran, no caso de falsidade ou inexactitude da declaración responsable en base á que se formulou a resolución de concesión e aprobación da xustificación, incumprimento das obrigas recollidas na base 12ª e nos demais casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

15º Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

16º Entrada en vigor e vixencia

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

17º Financiamento

A convocatoria tramítase con carácter anticipado de gasto, de acordo co establecido na base 29 das Bases de Execución do orzamento municipal do Concello de Santiago para o ano 2021.

A convocatoria ten un orzamento de un millón sete centos corenta e sete mil cento cento cinco euros con cero céntimos (1.747.105,00€) financiada como segue:

- 500.000,00€ financiados con cargo ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para o desenvolvemento do proxecto “Eixos 2 e 4 do Plan de reactivación económica do Concello de Santiago” no marco do Plan de Emprego Local.
- 1.247.105,00€ dos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2021, dos que 1.004.000,00€ quedan condicionados á entrada en vigor da modificación orzamentaria de suplemento de crédito NÚMERO 2021-SUPLE-02 aprobada inicialmente na sesión plenaria do Concello de Santiago de 29 de abril de 2021.

Anexos dispoñibles en <http://santiagodecompostela.gal/> e en <http://cersiaempresa.gal/>

Anexo I. Formulario normalizado de solicitude.

Anexo II. Epígrafes do imposto de actividades económicas subvencionables.

ANEXO I FORMULARIO NORMALIZADO DE SOLICITUDE

AXUDAS PARA O RESCATE DA RESTAURACIÓN, HOSPEDAXE E TURISMO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AFECTADO POLA CRISE DA COVID-19. ANUALIDADE 2021

Solicitante					
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social			
Correo electrónico			Teléfono		
Representante					
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos			
Correo electrónico			Teléfono		
Medio de notificación					
<input type="checkbox"/> Por correo postal					
Rúa.....					
CP		Municipio		Provincia	
Escalera		Planta		Porta	
<input type="checkbox"/> Por medios electrónicos					
Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante)					
Obxecto da axuda solicitada:					
Resultado beneficiaria dalgunha das convocatorias de axudas para o rescate da hostalería Covid-19, anualidade 2020 <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON					
Actividade con baixada de facturación: <input type="checkbox"/> Entre o 20% e o 30% <input type="checkbox"/> Superior ao 30% e ata o 60% <input type="checkbox"/> Superior ao 60%					
Número de centros de actividade: <input type="checkbox"/> 1 centro de actividade <input type="checkbox"/> 2 centros de actividade <input type="checkbox"/> 3 ou máis centros de actividade					
Dedicase a actividade do epígrafe 989.1, salas de baile, discotecas e similares <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non					
Datos da axuda solicitada:					
Lugar de publicación (boletín oficial/outros)				Data de publicación	
Contía solicitada:		<input type="checkbox"/> 2.500 euros (se a baixada de facturación está entre o 20% e o 30%)			
<input type="checkbox"/> a) Baixada de facturación		<input type="checkbox"/> 3000 euros (se a baixada de facturación é superior ao 30% e ata un 60%)			
<input type="checkbox"/> b) Actividade epígrafe 989.1		<input type="checkbox"/> 3.500 euros (se a baixada de facturación é superior ao 60%)			
<input type="checkbox"/> c) Centros de actividade		<input type="checkbox"/> 5.000 euros (con independencia do volume de baixada de facturación)			
		<input type="checkbox"/> 1.000 euros (se teñen dous centros de actividade)			
		<input type="checkbox"/> 2.000 euros (se teñen tres ou máis centros de actividade)			
Total da axuda solicitada					
Documentación que debe achegar					
<input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE da persoa solicitante <input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE da persoa representante, se procede <input type="checkbox"/> Acreditación da representación, se procede (marcar no anexo 1 os documentos que se presentan) <input type="checkbox"/> Formulario normalizado CS006B <input type="checkbox"/> Aita no RETA <input type="checkbox"/> Aita no RETA dos autónomos colaboradores, no seu caso <input type="checkbox"/> Declaración responsable específica da circunstancia de non obriga de aita no RETA <input type="checkbox"/> Escritura de constitución da sociedade, se é o caso <input type="checkbox"/> Certificado da situación censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado <input type="checkbox"/> Certificado bancario de titularidade de conta <input type="checkbox"/> Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia (se a axuda solicitada é superior aos 3.000 euros) <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da baixada da facturación. Para solicitantes que iniciasen a actividade durante o ano 2020: <input type="checkbox"/> Modelo 303 de todos os trimestres dispoñibles correspondentes ao ano 2020; <input type="checkbox"/> Modelo 303 do primeiro trimestre de 2021 <input type="checkbox"/> Modelo 130 do cuarto trimestre de 2020; <input type="checkbox"/> Modelo 130 do primeiro trimestre de 2021 <input type="checkbox"/> Modelo 131 de todos os trimestres de 2020; <input type="checkbox"/> Modelo 131 do primeiro trimestre de 2021. O modelo 131 irá acompañado da: <input type="checkbox"/> Declaración responsable do volume de facturación real, non estimada, do ano 2020 e primeiro trimestre de 2021. <input type="checkbox"/> Calquera outra documentación acreditativa da baixada da facturación que estimen pertinente. Especificar que documentación aportan. Para solicitantes que iniciasen a actividade antes do 1 de xaneiro de 2020 <input type="checkbox"/> Modelo 303 de primeiro trimestre de 2020; <input type="checkbox"/> Modelo 303 do primeiro trimestre de 2021 <input type="checkbox"/> Modelo 130 do primeiro trimestre de 2020; <input type="checkbox"/> Modelo 130 do primeiro trimestre de 2021 <input type="checkbox"/> Modelo 131 do primeiro trimestre de 2020; <input type="checkbox"/> Modelo 131 do primeiro trimestre de 2021. O modelo 131 irá acompañado da: <input type="checkbox"/> Declaración responsable do volume de facturación real, non estimada, dos anos 2020 e 2021. <input type="checkbox"/> Calquera outra documentación acreditativa da baixada da facturación que estimen pertinente. Especificar que documentación aportan <input type="checkbox"/> Declaro que a seguinte documentación requirida xa figura presentada no Concello nas datas e cos números de rexistro que se indican:					
Documento		Data presentación		Número Rexistro entrada	

Declaración responsable (sinale o que corresponda)

A persoa solicitante ou representante declara:

- Que non está incurso en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de persoa beneficiaria.
- Que cumpre con todas as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo e igualdade entre mulleres e homes.
- Que está ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia.
- Que non era unha persoa ou empresa en crise en data 31 de decembro de 2019.
- Que en relación con outras axudas solicitadas ou obtidas:
 - Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

Organismo	Importe

- Que en relación con calquera outra "axuda temporal" que, en aplicación do Marco Nacional Temporal, ou en aplicación da Comunicación da Comisión Marco Temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da Covid-19, teña recibido durante o exercicio fiscal en curso.
 - Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda
 - Si se solicitou e/ou concedeu outras axudas para a mesma finalidade, deberá especificarse cales foron obtidas no exercicio fiscal en curso dentro do marco temporal nacional.

Organismo	Disposición reguladora	Ano	Importe

- Que non está afectada polo límite da axuda temporal do Marco Nacional Temporal.
- Que son veraces todos os datos reflectidos nesta declaración responsable.

Solicitud que formula

A subvención, polo importe indicado no apartado "Contía solicitada" dentro da convocatoria de axudas para o rescate da restauración, hospedaxe e turismo do Concello de Santiago de Compostela afectado pola crise da Covid-19, anualidade 2021.

PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para a reutilización polo Concello dos documentos achegados

NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións

Coa presentación desta solicitude asumo a totalidade da regulación aplicable a esta subvención con todas as obrigas que dela se deriven. Ademais, declaro baixo a miña responsabilidade que son certos todos os datos consignados nesta solicitude.

Data da solicitude,

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Coa sinatura desta solicitude autorizo que o Concello de Santiago de Compostela realice o tratamento dos datos persoais declarados coa finalidade de xestionar o procedemento derivado dela. A lexitimación vén atribuída polo consentimento da persoa interesada e polas competencias municipais establecidas na normativa de aplicación. Conservarase o tempo necesario para resolver o expediente e as responsabilidades derivadas. As persoas destinatarias serán os departamentos municipais, as empresas concesionarias ou outras administracións públicas con competencias na tramitación do expediente. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante quen sexa responsable do tratamento e consultar información adicional en www.santagodecompostela.gal

ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante

Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)

- Poder notarial
- Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- Outros documentos legais de representación maiores de idade

Para a representación de persoas xurídicas que carezan de capacidade para actuar

- Resolución xudicial

Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)

- Libro de familia
- Resolución xudicial ou administrativa
- Outros documentos legais de representación

ANEXO II EPÍGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES

671. Servizos en restaurantes

672 Servizos en cafetarías

673 Servizos en cafés e bares, con e sen comida.

674.5 Servizos Café-bar que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecemen-
tos análogos.

674.6 Servizos Café-bar que se presten en teatros e cines

674.7 Servizos Café-bar que se presten en parques e recintos feirais.

676 Servizos en Chcolatarías, xeadarías e horchatarías.

677.9 Outros servizos de alimentación propios da restauración

681 Servizos de hospedaxe en hoteis e moteis

682 Servizos de hospedaxe en hoteis e pensións

683 Servizos de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes

684 Servizos de hospedaxe en hoteis-apartamentos.

685 Aloxamentos turísticos extra hoteleiros

686 Explotación de apartamentos privados

687 Campamentos turísticos

755 Axencias de viaxes

854 Actividades profesionais de expertos en organización de congresos

882 Actividades profesionais de guías de turismo

883 Actividades profesionais de guías intérpretes de turismo

969.1 Salas de baile e discotecas

989.2 Servizos de organización de congresos, asembleas ou análogos.